ANEXO II

Relación de cursos ofertados

EOI A Coruña

Nivel	Quenda	Horarios Mañá	Horarios Tarde	Días
Medio	Febreiro		16.00 a 18.30	Martes e xoves
Medio	Outubro		16.00 a 18.30	Martes, xoves e venres
Superior	Outubro	9.00 a 11.00		Luns, mércores e venres

EOI Santiago de Compostela

Nivel	Quenda	Horarios Mañá	Horarios Tarde	Días
Medio	Febreiro		13.00 a 15.00	Martes e venres
Medio	Outubro		13.00 a 15.00	Martes e venres

EOI Ferrol

Nivel	Quenda	Horarios Mañá	Horarios Tarde	Días
Superior	Marzo	9.00 a 11.00		Martes, xoves e venres
Medio	Outubro		(Sen determinar)	(Sen determinar)
Medio	Outubro	(Sen determinar)		(Sen determinar)

EOI Lugo

Nivel	Quenda	Horarios Mañá	Horarios Tarde	Días
Superior	Marzo		13.00 a 15.00	Luns, xoves e venres
Medio	Outubro		(Sen determinar)	(Sen determinar)

EOI Ourense

Nivel	Quenda	Horarios Mañá	Horarios Tarde	Días
Medio	Outubro	10.00 a 12.00		Luns, mércores e venres
Superior	Outubro	12.00 a 14.00		Luns, mércores e venres

EOI Pontevedra

Nivel	Quenda	Horarios Mañá	Horarios Tarde	Días
Medio	Febreiro		17.00 a 18.30	Luns, mércores e venres
Medio	Outubro		17.00 a 18.30	Luns, mércores e venres

EOI Vigo

Nivel	Quenda	Horarios Mañá	Horarios Tarde	Días
Medio	Febreiro	9.30 a 11.30		Martes e venres
Medio	Febreiro		18.00 a 20.00	Luns e xoves
Medio	Outubro	9.00 a 11.00		Martes e xoves
Medio	Outubro		16.00 a 18.00	Luns e mércores

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios para o período 2007-2013 e se convocan para o exercicio orzamentario de 2008.

Advertidos erros na citada orde publicada no DOG nº 8, do 11 de xaneiro de 2008, é necesario efectuar a seguinte corrección:

Na páxina 732, no artigo 6º (prazo), onde di: «Non obstante, no caso de que o investimento inclúa a construción de novas superficies cubertas ou ampliación das existentes, o solicitante terá un prazo adicional dun mes ao sinalado anteriormente para presentar a preceptiva licenza de obras», debe dicir: «Non obstante, no caso de que o investimento inclúa a construción de novas superficies cubertas ou ampliación das existentes, o solicitante terá un prazo adicional de dous meses ao sinalado anteriormente para presentar a preceptiva licenza de obras».

Orde do 28 de xaneiro de 2008 pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2008 as axudas para o fomento da primeira forestación de terras non agrícolas.

O Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no seu artigo 45 establece a primeira forestación de terras non agrícolas.

O Real decreto 2128/2004, do 29 de outubro, polo que se regula o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, establece as normas de aplicación do dito sistema e a súa utilización como instrumento de xestión no marco do sistema integrado de xestión e control e resto de réximes de axuda relacionados coa superficie da política agrícola común. Así mesmo, a Orde do 24 de xaneiro de 2005 (DOG nº 19, do 28 de xaneiro), da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, establece o Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas en Galicia.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e o Decreto 105/2006, do 22 de xuño, regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

A Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 27.10º do Estatuto de autonomía, ten competencia exclusiva en materia de montes e aproveitamentos forestais.

A Consellería do Medio Rural, segundo o establecido no Decreto 175/2007, do 13 de setembro (DOG nº 86, do 25 de setembro), polo que se modifica o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, é o organismo competente para a xestión destas axudas que teñen como obxectivos os seguintes:

a) Fomentar a forestación de especies forestais en terreos non agrícolas.

b) A diminución das masas forestais monoespecíficas favorecendo o aumento da diversidade.

c) O aumento da superficie forestal arborizada.

d) A diminución do risco de incendios forestais mediante a valorización dos terreos forestais.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ten por obxecto a regulación do réxime xurídico propio das subvencións cuxo establecemento e xestión lles corresponde á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, organismos e demais entidades vinculadas ou dependentes desta, así como tamén ás entidades locais de Galicia, incluídos os organismos e entidades dependentes delas.

De conformidade co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e demais normativa concorrente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto das axudas e ámbito de aplicación.*

1.1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regulan as axudas para fomentar a primeira forestación de terras non agrícolas e proceder á súa convocatoria para o ano 2008 en réxime de concorrencia competitiva.

1.2. O disposto nesta orde será de aplicación para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con exclusión de:

-Os bosques ou outras superficies forestais que sexan propiedade da Administración central ou autonómica.

-Os bosques e outras superficies forestais propiedade da Coroa.

-Os bosques propiedade de persoas xurídicas, cando polo menos o 50% do seu capital pertenza a algunha das institucións anteriormente citadas.

Artigo 2º.-*Tipos de superficies obxecto de axuda.*

1. Poderán ser obxecto de axuda aqueles terreos que estean identificados no Sistema de Identificación Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC) como:

- Forestal (FO).

- Pasto con arboredo (PA).

- Pasto arbustivo (PR).

- Zona concentrada non incluída na ortofoto (ZC).

Nos terreos nos cales existise tradicionalmente arboredo non se poderán solicitar estas axudas.

En todo caso, será de aplicación o disposto no capítulo II da Orde do 24 de xaneiro de 2005 (DOG nº 19, do 28 de xaneiro), da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, que establece o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas en Galicia.

2. A superficie de actuación será a suma da superficie de forestación máis a superficie da área de defensa.

3. Son terras agrícolas abandonadas aqueles terreos de ermo, terreo con arbustos e matos ou arboredo cunha fracción de cabida cuberta inferior ao 20%, que tradicionalmente tiveron un aproveitamento agrícola/gandeiro e que non recibiron ningunha utilización, nin intervención agraria durante os últimos dez (10) anos.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios das axudas expostas nesta orde os propietarios particulares, as agrupacións dos ditos propietarios, as cooperativas agrarias, os pro indivisos, as comunidades de bens, as entidades locais, outras persoas xurídicas e as comunidades de montes veciñais en man común.

Non poderán ser beneficiarios as persoas físicas ou xurídicas que non sexan propietarios dos terreos obxecto de axuda. Non se admite a cesión por parte do propietario do terreo a un terceiro.

Artigo 4º.-*Condicións, tipos, importes e duración das axudas.*

Os importes de subvención corresponderanse, como máximo, co 80% do valor máximo de investimento no caso de forestación en zonas desfavorecidas (ver anexo X) e co 70% do valor máximo de investimento no resto dos casos.

1. Gastos de repoboación forestal e de área de defensa contra os incendios forestais.

O importe desta axuda estará determinado polo orzamento aprobado da actuación, sen que poida exceder a subvención dos máximos de investimento en euros por hectárea de actuación que se indican a continuación:

Topes máximos de investimento en € por ha de actuación:

-Especies do anexo I (coníferas): .....1.770.

-Especies do anexo II (frondosas): .....2.290.

Estes gastos incluirán os necesarios para a preparación previa do terreo, adquisición de planta, protección da planta mediante protectores e outros materiais necesarios, así como os de plantación propiamente dita, área de defensa contra os incendios forestais e labores inmediatamente posteriores a ela.

2. Prima de mantemento.

Está destinada ao coidado, mantemento e demais traballos posteriores á plantación que son necesarios para o logro da plantación realizada en terras agrícolas abandonadas. A prima de mantemento ten unha duración de cinco anos contados a partir do ano seguinte ao do pagamento da última comprobación.

Esta prima non se lles concederá ás forestacións emprendidas por entidades de dereito público nin ás forestacións en terreos que non sexan terras agrícolas abandonadas.

Aplicaranse os valores máximos seguintes en euros por hectárea de actuación:

Repoboacións forestais especies.

Anexo I: .....220.

Repoboacións forestais especies.

Anexo II: .....300.

3. Infraestruturas de acompañamento ou obras complementarias das novas repoboacións que se realicen ao abeiro desta orde. Deberanse localizar dentro da área obxecto de forestación.

-Ata 7.000 € por km de peche.

-Ata 8.000 € por km de apertura de pista forestal.

-Ata 3.000 € por km de arranxo de pista forestal.

-Ata 6.000 € por punto de auga con capacidade igual ou superior a 50 m^3 de auga.

A repercusión máxima por ha de actuación será a seguinte:

	Euros por ha de actuación
Peche	280
Puntos de auga	240
Apertura pistas forestais	320
Arranxo pistas forestais	120

No caso dos pro indivisos, as comunidades de bens, as cooperativas agrícolas, CMVMC, entidades locais, outras persoas xurídicas ou agrupacións de propietarios poderase subvencionar, ademais, o peche da plantación realizada, sempre e cando a superficie de actuación supere as 10 hectáreas e se xustifique a súa necesidade (gando, fauna cinexética...). A colocación de protectores poderase subvencionar independentemente do tipo de beneficiario, sempre e cando, se xustifique a súa necesidade (gando, fauna cinexética...).

4. O IVE non é subvencionable.

Artigo 5º.-*Condicións técnicas dos investimentos*.

1. Todos os documentos descritivos das actuacións que se presenten deberán incluír un plan de infraestruturas de defensa da forestación que se vai efectuar, ou xustificación técnica motivada de que non é necesario, excepto no caso de propietarios particulares de xeito individual con superficie de actuación inferior ás 10 hectáreas.

2. Todos os documentos descritivos das actuacións teñen que incluír como cartografía planos sobre mapas oficiais, preferentemente a escala 1:5.000, ou, no seu defecto, escala 1:10.000. No caso de CMVMC deberanse presentar, ademais, planos a escala 1:25.000; no caso de agrupacións, incluirase nos planos unha referencia que permita coñecer cal é a superficie con que participa cada membro da agrupación e, en calquera caso, ficha SIXPAC.

3. No caso de que os traballos solicitados no documento descritivo das actuacións se deban someter a avaliación de impacto ambiental, segundo o disposto na lexislación vixente, o solicitante deberá iniciar os trámites para a declaración de impacto ambiental.

4. Os documentos descritivos das actuacións que se presenten deberán incluír unha epígrafe onde se definan os labores mínimos de mantemento e o orzamento que se investirá en cada un dos cinco (5) anos de vixencia da prima de mantemento, ben que estas accións quedarán condicionadas á realidade cambiante das obras forestais.

5. Farase constar nos documentos descritivos das actuacións se a superficie de actuación comprende zonas de protección lateral do Camiño de Santiago e solicitaráselle de forma interna, antes da aprobación da axuda, informe á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

6. Farase constar nos documentos descritivos das actuacións se na superficie de actuación existen obxectos ou restos materiais que formen parte do Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e solicitaráselle de forma interna, antes da aprobación da axuda, informe á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

7. Farase constar nos documentos descritivos das actuacións se a superficie de actuación se atopa dentro da Rede Natura 2000 e solicitarase de forma interna, antes da aprobación da axuda, informe ao Servizo de Conservación da Natureza; no caso de que o dito informe sexa desfavorable non se admitirá a trámite a solicitude de axuda, agás no caso de que a superficie dispoña dun plan de xestión forestal aprobado e con informe favorable do departamento competente en materia de ambiente. Non se poderán realizar solicitudes de axuda sobre hábitats prioritarios.

8. Xunto coa solicitude de axuda presentarase un documento descritivo das actuacións que se levarán a cabo; no caso dos propietarios particulares de xeito individual con superficie de actuación inferior a 10 hectáreas, será suficiente con presentar o anexo XII, e no caso de comunidades de montes veciñais en man común, cooperativas agrícolas, pro indivisos, comunidades de bens, entidades locais, outras persoas xurídicas, os propietarios particulares de xeito individual con superficie de actuación igual ou superior a 10 hectáreas ou agrupacións de propietarios particulares, cando a axuda solicitada sexa aprobada, presentarase un proxecto, cos mesmos datos que o documento descritivo, asinada por enxeñeiro de montes ou enxeñeiro técnico forestal e visado polo correspondente colexio oficial; no caso de enxeñeiro técnico forestal, deberá estar visado no colexio da Comunidade Autónoma de Galicia e, en todo caso, nomearase un director de obra. O documento descritivo das actuacións deberá conter, como mínimo, o seguinte:

-Estado legal do predio obxecto de solicitude de axuda: superficie, localización, estremeiros, accesos...

-Descrición das actuacións que se levarán a cabo.

-Especies que se van empregar, densidade final, quenda da especie....

-Cartografía: planos sobre mapas oficiais e, en calquera caso, ficha SIXPAC.

-Indicación de se os terreos se atopan en Rede Natura 2000, en zonas de protección lateral do Camiño de Santiago ou se existen obxectos ou restos materiais que formen parte do Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.

-Orzamento.

A planimetría da memoria técnica visada, que se presentará no caso de aprobarse a solicitude de axuda, presentarase xeorreferenciada en coordenadas UTM, fuso 29, con referencia ao *datum* de traballo, en ficheiro DXF (nun CD), obtido a partir dun plano de escala mínima 1:10.000, e preferentemente 1:5.000. O ficheiro DXF deberá estar estruturado da seguinte maneira:

Elemento do plano	Nivel ou capa	Cor	Observacións
Contorno da mouteira (especie anexo I)	1	Vermella	
Contorno da monteira (especie anexo II)	2	Morada	
Código de mouteira	4	Negra	Corresponde cos códigos da portada
Pistas xa existentes	5	Azul	
Pistas de nova creación	6	Azul escura	
Pistas arranxadas	7	Azul clara	
Devasas existentes	8	Verde	
Devasas de nova creación	9	Verde escura	
Punto de auga	10	Marrón	Círculo de 2 m de ∅
Código de propietario	12	Negra	Código do anexo V

Artigo 6º.-*Outras condicións técnicas*.

1. As densidades mínimas de plantación deberán ser as seguintes:

a) Anexo I: 1.100 plantas/ha, 1.600 plantas/ha en zonas protectoras de montaña, situadas nas cabeceiras das bacías hidrográficas.

b) Anexo II para madeira: 625 plantas/ha.

c) Anexo II para froito: 200 plantas/ha.

2. Coidados culturais mínimos:

Durante cinco anos, contados a partir da data de remate dos traballos, realizarase obrigatoriamente, como mínimo, o control da vexetación de competencia e a reposición de marras, e no caso de que o estado da repoboación o requira:

a) Podas de formación e de calidade.

b) Fertilización cando o estado da planta o demande.

c) Mantemento das infraestruturas de defensa da repoboación.

3. Especies que se van utilizar:

Poderán ser obxecto de axuda as plantacións coas especies comprendidas nos anexos desta orde.

4. Características da planta:

-A planta empregada deberá cumprir o Decreto 220/2007, do 15 de novembro, polo que se crea o sistema oficial para o control da produción e comercialización dos materiais forestais de reprodución e supletoriamente os requisitos de procedencia e calidade exterior exixidos polo Real decreto 289/2003 e sanitarios, regulados polo Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro.

-No caso de planta de frondosa en contedor, a planta deberá ser de un ou dous zumes e o tamaño mínimo do contedor será de 300 cc e de 200 cc para *Alnus sp*. e *Betula sp*.

-No caso de empregarse planta de frondosa a raíz núa, esta deberá ser de dous ou máis zumes, preferentemente repicada, excepto no caso de clons híbridos.

5. A lonxitude máxima subvencionable, suma de arranxo e construción de pista forestal, que se deberá realizar dentro da superficie obxecto de actuación, será de 40 metros lineais por hectárea de actuación. Excepto no caso de solicitudes de propietarios particulares de xeito individual en superficies de actuación inferior a 10 hectáreas, que non as poderán solicitar.

6. Os puntos de auga que se van instalar deberán ter xustificada a súa viabilidade e idoneidade, debendo ter informe favorable do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais; no caso de que o dito informe sexa desfavorable, non será obxecto de axuda a dita unidade nin terá puntos na priorización de expedientes.

7. As condicións técnicas mínimas e limitacións de uso que se deben observar figuran no anexo IV.

8. Quedarán excluídas de reforestación subvencionable as especies do anexo I nas áreas de valgada, entendendo como tal aquela superficie ocupada polo contorno físico inmediato aos cursos permanentes de auga, desde estes ata unha distancia de 10 metros en sentido perpendicular a ambos os lados da marxe do leito fluvial. As especies que poden ser atendidas na subvención solicitada nestas áreas de valgada son as sinaladas cun asterisco no anexo II.

9. Nos terreos obxecto de subvención, unha vez aprobada a axuda, colocarase en lugar visible desde o acceso, como mínimo, un cartel identificativo, segundo o modelo indicado no anexo XI. Excepto no caso de propietarios particulares de xeito individual con superficie de actuación inferior as 10 hectáreas, que non é necesaria a colocación do cartel.

10. No caso de solicitudes de propietarios particulares de xeito individual en superficies comprendidas entre 3 e 10 hectáreas, non será necesaria a realización de áreas de defensa contra os incendios forestais, agás que no correspondente plan de prevención e defensa contra incendios forestais o estableza.

11. Nos terreos obxecto de solicitude de axuda deberase cumprir en todo caso o disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, que regula as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

12. Poderanse tramitar peticións de axuda co obxecto de realizar traballos en montes que teñan subscrito un convenio ou consorcio coa Xunta de Galicia, logo de informe de viabilidade do Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais correspondentes. Os montes consorciados coa Administración non poden solicitar as axudas, dentro da superficie consorciada, ben que aqueles montes para os cales se solicitase a rescisión do consorcio ou o paso a convenio con anterioridade á publicación desta orde, si que poderán ser obxecto de axuda. Os montes que teñan un convenio ou solicitasen o paso a convenio coa Xunta de Galicia, antes de propoñerse a aprobación da axuda, deberán ter un informe do Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais correspondente.

13. En zonas cun procedemento de concentración parcelaria en execución, soamente serán aprobables as axudas solicitadas para traballos de repoboación, áreas de defensa contra incendios forestais e infraestruturas de defensa en terreos nos cales o acordo de concentración parcelaria sexa firme. Non obstante, poderanse aprobar as axudas nos casos en que, non sendo firme o acordo, transcorresen seis meses desde a toma de posesión dos predios de substitución, logo de informe favorable do Servizo Provincial de Infraestruturas Agrarias.

14. Os terreos cun proceso iniciado de expropiación forzosa non se poderán beneficiar destas axudas.

15. As mouteiras de rexenerado existentes nas superficies obxecto de actuación quedarán excluídas e deberanse manter en todo caso, non interrompendo a continuidade do couto redondo da solicitude.

16. No caso de existir valores singulares de tipo xeolóxico, edáfico, botánico, faunístico, histórico, literario

e paisaxístico, delimitarase a súa localización e zona de influencia e excluiranse da superficie de actuación.

Artigo 7º.-*Prioridades*.

1. Resérvanse as seguintes porcentaxes da dispoñibilidade orzamentaria indicada no artigo 16º, segundo o tipo de beneficiario:

-Propietarios particulares de xeito individual: 20%.

-Agrupacións de propietarios particulares, cooperativas agrícolas, pro indivisos, comunidades de bens, entidades locais e outras persoas xurídicas (S.A., S.L....): 40%.

-CMVMC con superficie total clasificada inferior ou igual a 25 hectáreas: 20%.

-CMVMC con superficie total clasificada superior a 25 hectáreas: 20%.

2. Dentro de cada unha das epígrafes anteriores establecerase unha orde de prioridade segundo a seguinte prelación:

1º Segundo estea clasificada a superficie no SIXPAC:

-Forestal (FO): 5 puntos/hectárea.

-Pasto con arboredo (PA): 10 puntos/hectárea.

-Pasto arbustivo (PR): 10 puntos/hectárea.

-Zona concentrada non incluída na ortofoto (ZC): 7 puntos/hectárea.

2º Por especie:

-Piñeiro do país (*Pinus pinaster*): 10 puntos por hectárea repoboada.

-Piñeiro silvestre (*Pinus sylvestris L.*): 10 puntos por hectárea repoboada.

-Piñeiro insigne (*Pinus radiata D. Don.*): 10 puntos por hectárea repoboada.

-Pseudotsuga (*Pseudotsuga menziesii.*): 10 puntos por hectárea repoboada.

3. Por punto de auga: 7 puntos por punto de auga con capacidade igual ou superior a 50 m^3 de auga, en forestacións cunha superficie superior a 15 hectáreas e con informe de viabilidade favorable do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais.

4. No caso de montes veciñais en man común que invistan o 15% ou máis dos seus ingresos nos últimos tres exercicios fiscais (2004, 2005 e 2006) en melloras do monte, aplicarase a puntuación maior das tres epígrafes seguintes:

-Investimentos dun 15% a un 30% dos seus ingresos nos últimos tres exercicios fiscais: 10 puntos.

-Investimentos de máis dun 30% a un 50% dos seus ingresos nos últimos tres exercicios fiscais: 15 puntos.

-Investimentos de máis dun 50% dos seus ingresos nos últimos tres exercicios fiscais: 20 puntos.

5. No caso de montes veciñais en man común que investisen nos últimos tres exercicios fiscais (2004, 2005 e 2006) un mínimo do 15% dos seus ingresos noutros investimentos que non sexan no monte pero que vaian adicados aos veciños ou teñan un fin social: 5 puntos.

6. No caso de montes veciñais en man común sen ingresos nos últimos tres exercicios fiscais (2004, 2005 e 2006): 10 puntos.

7. No caso de agrupacións de propietarios: 5 puntos por propietario agrupado.

8. No caso dunha agrupación de propietarios legalmente constituída: 10 puntos.

9. Zona de concentración parcelaria de uso forestal: 3 puntos.

10. Agrupación de propietarios en zona de concentración parcelaria de uso forestal: 10 puntos.

11. Monte con instrumento de xestión rexistrado: 10 puntos (Orde do 12 de xuño de 1998 pola que se crea o Rexistro de proxectos de ordenación e plans técnicos de xestión de montes).

12. Monte veciñal en man común sen convenio ou consorcio: 5 puntos.

13. Por cada beneficiario que realizase un curso de formación en silvicultura: 2 puntos. por beneficiario, ata un máximo de 8 puntos por solicitude de axuda.

14. Explotación prioritaria: 10 puntos.

De persistir o empate, de maior a menor valor das catro últimas cifras do DNI ou CIF do titular dos terreos.

No caso de que unha vez priorizados os expedientes solicitados non se cubra a totalidade do importe especificado nos distintos puntos, os importes sobrantes dos distintos puntos pasarán aos demais para lles facer fronte aos expedientes solicitados.

Artigo 8º.-*Superficies mínimas e máximas para solicitar as axudas e superficies excluídas.*

A) Superficie mínima:

1. Para montes veciñais en man común, con superficie clasificada menor ou igual a 25 hectáreas, a superficie mínima de actuación por solicitude será de 5 hectáreas nun couto redondo, admitíndose máis dun couto redondo sempre e cando supere a superficie mínima. A continuidade superficial do couto redondo non se verá interrompida pola existencia de barreiras naturais ou artificiais.

2. Para montes veciñais en man común, con superficie clasificada superior a 25 hectáreas a superficie mínima de actuación por solicitude será de 15 hectáreas nun couto redondo, admitíndose máis dun couto redondo sempre e cando supere a superficie mínima. A continuidade superficial do couto redondo non se verá interrompida pola existencia de barreiras naturais ou artificiais.

3. Para cooperativas agrícolas, pro indivisos, comunidades de bens, entidades locais, outras persoas xurídicas ou agrupacións de propietarios particulares, a superficie mínima de actuación por solicitude será de tres (3) hectáreas nun couto redondo, e non se admitirá máis dun couto redondo. A continuidade superficial do couto redondo non se verá interrompida pola existencia de barreiras naturais ou artificiais.

4. Para propietarios particulares de xeito individual: a superficie de actuación mínima por solicitude será de tres (3) hectáreas nun couto redondo, e non se admitirá máis dun couto redondo. A continuidade superficial do couto redondo non se verá interrompida pola existencia de barreiras naturais ou artificiais.

B) Superficie máxima.

1. Para montes veciñais en man común, a superficie máxima de actuación por solicitude será de 50 hectáreas, admitíndose máis dun couto redondo sempre e cando supere a superficie mínima. A continuidade superficial do couto redondo non se verá interrompida pola existencia de barreiras naturais ou artificiais.

2. Para cooperativas agrícolas, pro indivisos, comunidades de bens, entidades locais, outras persoas xurídicas ou agrupacións de propietarios particulares, a superficie máxima de actuación por solicitude será de 25 hectáreas nun couto redondo, e non se admitirá máis dun couto redondo. A continuidade superficial do couto redondo non se verá interrompida pola existencia de barreiras naturais ou artificiais.

3. Para propietarios particulares de xeito individual: a superficie de actuación máxima por solicitude será de 15 hectáreas nun só couto redondo.

Artigo 9º.-*Compromisos*.

Os beneficiarios das axudas comprometeranse expresamente ao cumprimento das condicións previstas nesta orde.

1. Compromisos de mantemento e conservación:

O titular comprométese a manter a forestación conforme as condicións de comprobación e a conservar a masa creada durante a quenda da especie e a proceder á devolución do diñeiro percibido e dos seus xuros legais se o bosque é danado ou destruído por descoido, neglixencia, cambio de uso ou falta de coidados silvícolas por parte do solicitante. Así mesmo, deberanse manter operativas as súas infraestruturas de acompañamento e área de defensa da masa.

-No caso de agrupacións de propietarios:

A responsabilidade do bo fin da actuación será exixible a cada propietario membro da agrupación.

Os integrantes da agrupación comprométense a levar unha xestión conxunta da forestación durante a quenda da especie.

-No caso de agrupacións de propietarios e comunidades de bens, os membros da agrupación ou da comunidade de bens comprométense a cumprir todos os compromisos e obrigas establecidos nesta orde, así como na demais normativa concorrente.

2. Se as superficies forestadas se transmitisen en todo ou en parte durante o período de compromiso, adecuaranse as primas á situación do novo titular, debendo, en todo caso, o novo titular cumprir as condicións exixibles para a percepción das axudas que se lle outorgaron.

3. Poderán ter lugar usos gandeiros complementarios cando estes xa non prexudiquen a repoboación, logo de autorización do Servizo de Montes e Industrias Forestais da provincia correspondente.

4. Se, unha vez efectuada a solicitude e antes da forestación, o terreo fose obxecto dun incendio forestal ou queima do mato, o beneficiario deberallo comunicar inmediatamente por escrito ao Servizo de Montes e Industrias Forestais, co obxecto de adecuar a memoria descritiva das actuacións á nova realidade física do terreo antes do inicio dos traballos.

5. No caso de abandono ou destrución da plantación por calquera causa, suspenderanse todas as axudas pendentes ata que sexa restaurada a superficie abandonada ou destruída, total ou parcialmente, sen prexuízo dos compromisos adquiridos e das responsabilidades que deriven. O solicitante estará obrigado a comunicar, no prazo máximo dun mes, os feitos e circunstancias que provocaron a destrución da totalidade ou de parte da plantación.

6. Os puntos de auga deberanse manter operativos durante 20 anos e manter o acceso libre para tarefas de extinción de incendios.

7. O beneficiario comprométese en todo momento a lle facilitar as tarefas de inspección ao persoal adscrito á Consellería do Medio Rural nas materias relacionadas con esta orde.

8. Nos montes conveniados ou consorciados que formen parte do Sistema de Xestión Forestal Sustentable da Xunta de Galicia, os beneficiarios das axudas comprométense a cumprir co establecido no Manual de boas prácticas na xestión forestal sustentable, que forma parte do Sistema de Xestión Forestal Sustentable da Xunta de Galicia.

9. No caso de agrupacións de propietarios, pro indivisos, cooperativas agrícolas, comunidades de bens e comunidades de montes veciñais en man común, os membros da agrupación, os copropietarios, os membros da comunidade de bens, cooperativa ou os comuneiros, e cando menos os seus representantes, solicitarán un curso de formación en silvicultura.

10. En todos os casos, e para calquera tipo de titular excepto no caso de propietarios particulares de xeito individual que executaron os traballos polos seus propios medios, o persoal que executou os traballos deberá estar dado de alta no réxime xeral da Seguridade Social, e poderase solicitar en calquera momento que se verifique que se cumpre o dito requisito.

Artigo 10º.-*Solicitudes e documentación*.

1. As solicitudes das axudas deberán ser cubertas nos modelos formalizados para o efecto, segundo consta no anexo VI adxunto, facilitados polos órganos periféricos e centrais da Consellería do Medio Rural. As ditas solicitudes presentaranse nas súas oficinas, nas súas delegacións provinciais ou na forma prevista no artigo 38 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e irán dirixidas ao conselleiro do Medio Rural.

2. Os impresos de solicitude, total e correctamente cubertos, deberán ir necesariamente acompañados da documentación abaixo relacionada.

2.1. En xeral:

1. En xeral:

a) Fotocopia do DNI, NIF ou CIF do beneficiario.

b) Documento descritivo das actuacións ou anexo XII no caso de propietarios particulares.

c) Declaración do beneficiario da axuda do conxunto de todas as solicitudes percibidas, solicitadas ou autorizadas para o mesmo proxecto ou actividade que a axuda solicitada ao abeiro desta orde, ante as administracións públicas competentes ou doutros entes públicos (anexo VII).

d) Ficha SIXPAC das parcelas obxecto de solicitude de axuda e anexo VII debidamente cuberto.

2. Para todo tipo de titulares de terreos, excepto comunidades de montes veciñais en man común:

2.1. No caso de ser propietario dos terreos: fotocopia do título de propiedade ou declaración xurada ou baixo a súa responsabilidade do titular da propiedade. Na dita declaración faranse constar: nome, apelidos e DNI do propietario, nome dos predios, superficie e lindeiros obxecto dos traballos e localización destes ou anexo VII. No suposto de que o terreo sexa propiedade de varios copropietarios (pro indiviso), presentarase ademais documento privado no cal se acredite o consentimento de todos os condóminos e a designación dun solicitante-representante. No caso de concentracións parcelarias sen títulos, presentarase un certificado do Servizo Provincial de Infraestruturas Agrarias e, no caso de non dispor do dito certificado, presentarase unha declaración xurada de propiedade e unha fotocopia da solicitude do dito certificado.

3. Para comunidades de montes veciñais en man común:

3.1. Certificado do acordo tomado en asemblea xeral, asinado polo secretario, conforme autorizan o presidente da comunidade para pedir axudas á Consellería do Medio Rural para a execución das accións obxecto da solicitude.

4. Para agrupacións de propietarios particulares, cooperativas agrarias, pro indivisos, comunidades de bens e comunidades de montes veciñais en man común:

No caso de agrupacións de propietarios, pro indivisos, cooperativas agrícolas, comunidades de bens e comunidades de montes veciñais en man común, os membros da agrupación, os copropietarios, os membros da comunidade de bens, cooperativa ou os comuneiros, e cando menos os seus representantes, solicitarán un curso de formación en silvicultura, anexo IX.

5. Documentación complementaria.

5.1. No caso de explotación prioritaria:

-Documento xustificativo de ser titular dunha explotación prioritaria.

5.2. Para agrupacións de propietarios particulares:

-Anexo V desta orde debidamente cuberto.

-No caso de agrupacións legalmente constituídas: CIF e documento acreditativo da súa constitución onde conste as persoas que forman parte da dita agrupación.

-No caso de cooperativas agrarias: copia dos estatutos.

-No caso de comunidades de bens: documentación acreditativa, documento asinado por todos os membros da comunidade de bens de cumprir todos os compromisos e obrigas establecidos nesta orde, así como na demais normativa concorrente, e nomeamento dun representante.

-No caso doutras entidades xurídicas: copia dos estatutos ou escrituras de constitución e acreditación da persoa física que as representa.

-No caso de entidades locais: certificado do secretario municipal conforme foi informada a comisión de goberno da solicitude de axuda.

6. Documentación adicional.

6.1. Montes veciñais en man común que invistan como mínimo o 15% dos seus ingresos en melloras do monte ou noutros investimentos que vaian dedicados aos veciños, teñan un fin social nos últimos tres exercicios fiscais (2004, 2005 e 2006) ou non teñan ingresos: anexo VIII debidamente cuberto.

6.2. No caso de plantación de forestación de terras agrícolas abandonadas: anexo VII debidamente cuberto, excepto no caso de entidades locais, en que non é necesario.

Artigo 11º.-*Prazos*.

1. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

2. Soamente se poderá presentar unha solicitude por titular e ano para os terreos que se atopen nun mesmo concello, excepto no caso de que un titular teña terreos dúas ou máis agrupacións forestais. No caso contrario, procederase de oficio a arquivar sen máis trámite as solicitudes presentadas con posterioridade á primeira. Deberase empregar un impreso de solicitude para cada petición realizada sobre diferentes concellos.

3. Os traballos obxecto de solicitude de axuda non se poderán iniciar antes da aprobación da axuda.

Artigo 12º.-*Tramitación*.

1. Unha vez presentada a solicitude, revisarase a súa documentación e, no caso de que conteña defectos u omisións, seralle requirida ao solicitante a emenda, outorgándolle un prazo de dez (10) días hábiles para facelo, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará que desistiu da súa petición arquivándose o expediente sen máis trámite cos efectos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

2. O órgano competente para levar a cabo a tramitación desta orde de axudas é a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais. Os servizos provinciais de Montes e Industrias Forestais proporanlle á Dirección Xeral Montes e Industrias Forestais, como órgano xestor, a aprobación das solicitudes presentadas que cumpran todos os requisitos desta orde; a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais valorará as solicitudes de axuda segundo os criterios de prioridade establecidos no artigo 7º e o director xeral de Montes e Industrias Forestais emitirá un informe e formulará proposta de resolución de acordo co artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que remitirá ao conselleiro do Medio Rural. O conselleiro do Medio

Rural resolverá sobre a aprobación das axudas solicitadas en réxime de concorrencia competitiva axustándose aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

3. A Consellería do Medio Rural notificará, a aprobación e contía das axudas ou a denegación razoada da solicitude, no prazo máximo de nove meses, que se poderá ampliar, segundo o indicado no artigo 49 da Lei 30/1992.

4. No caso de non recaer resolución expresa nun prazo de nove meses a partir da data de entrada en vigor desta orde, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 42 e 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999. As ditas resolucións serán notificadas a cada un dos solicitantes dentro do prazo de dez (10) días seguintes ao da toma do acordo.

Contra a resolución aprobatoria ou denegatoria, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición do recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes que comezará a contar a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou no prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, ou ben ser impugnada directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, de acordo co disposto nos artigos 117 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, e o artigo 46 da Lei 26/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 13º.-*Execución e xustificación*.

1. Na resolución indicarase o prazo para a execución dos traballos, que con carácter xeral non será inferior a dous meses.

2. No caso de comunidades de montes veciñais en man común, cooperativas agrícolas, pro indivisos, comunidades de bens, entidades locais, outras persoas xurídicas ou agrupacións de propietarios particulares, nun prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución de aprobación deberase presentar o correspondente proxecto e o nomeamento do director de obra segundo o indicado no artigo 5º desta orde.

En cumprimento do disposto no artigo 29 punto 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dentro do devandito prazo dun mes, cando o importe do investimento supere os 30.000 euros, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas a diferentes provedores e presentalas xunto co proxecto. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis favorable.

3. Dous funcionarios da Consellería do Medio Rural realizarán unha inspección no campo, para verificar as superficies, comprobar os datos da solicitude e comprobar a viabilidade dos traballos. Esta inspección poderase realizar antes da resolución de aprobación.

4. A axuda definitiva será a resultante da comprobación final realizada por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural, un deles distinto dos que realizaron a inspección en campo.

Coa comprobación final poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se tivese realizado un menor número de unidades de obra das aprobadas.

No caso de que o importe xustificado polo beneficiario coa notificación de remate dos traballos supere en máis dun 3% o importe da comprobación final realizada por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural, reducirase a maiores a axuda para percibir resultante da comprobación final na diferenza entre ambos os importes. Non obstante, non se aplicará ningunha redución se o beneficiario pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe xustificado.

Poderanse admitir certificacións parciais, por petición por escrito do solicitante, para importes de certificación superiores a 12.020,24 €.

5. As prórrogas serán solicitadas motivadamente e cun mes de antelación ao remate do prazo para a execución dos traballos. Terán unha duración máxima de seis meses e serán propostas polos servizos de Montes e Industrias Forestais ao director xeral de Montes e Industrias Forestais, quen elevará proposta ao conselleiro do Medio Rural que resolverá.

6. Xunto coa notificación de remate dos traballos achegarase a seguinte documentación:

-Facturas polo importe total do investimento, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. No caso de que o beneficiario realice os traballos polos seus propios medios, deberá presentar un documento xustificativo de ter realizado os traballos polos seus propios medios (horas de traballo/superficie, custo hora ...), de posuír a maquinaria empregada na realización dos traballos e os xustificantes dos gastos polo importe total do investimento.

-Facturas da planta empregada.

-Certificación bancaria a nome do titular do terreo; no caso de agrupacións, nesta conta deberán ser titulares conxuntos todos os titulares que formen parte da agrupación, excepto agrupacións legalmente constituídas. Nas agrupacións permítese a sinatura mancomunada da conta bancaria nun membro da agrupación.

-Declaración doutras axudas solicitadas ou percibidas para os mesmos fins.

7. Pagamentos das primas de mantemento.

A) Os importes correspondentes ás primas de mantemento poderán ser aboados, logo de solicitude (anexo XIII) anterior ao 30 de xuño de cada ano en que se xunta factura ou, no caso de que o beneficiario realice os traballos polos seus propios medios, deberá presentar un documento xustificativo de ter realizado os traballos polos seus propios medios e os xustificantes dos gastos polo importe total do investimento. No caso de propietarios particulares que realizaron os traballos polos seus propios medios, será suficiente a presentación dun documento xustificativo de ter realiza-

do os traballos polos seus propios medios e de posuír a maquinaria empregada na realización dos traballos, a partir do ano seguinte a aquel en que se efectuou o aboamento da certificación final dos traballos da reforestación, durante cinco anos, sempre e cando se axusten ao disposto no artigo 8º, punto 5.

b) Os pagamentos correspondentes ás primas de mantemento dos expedientes solicitados ao abeiro desta orde, efectuaranse sempre que o estado da masa sexa satisfactorio de acordo co Plan de controis.

Artigo 14º.-*Reintegros*.

1. A axuda poderá revogarse, total ou parcialmente, se se dá algún dos seguintes supostos:

a) Execución de menos do 80% das accións previstas, sen autorización previa ou causa xustificada de forza maior.

b) Incumprimento dos prazos para realizar os traballos subvencionados fixados na notificación de aprobación do expediente ou, se é o caso, da prórroga concedida.

c) Modificacións graves das accións previstas, de forma que desvirtúen os obxectivos descritos nesta orde.

d) Por incumprimento das disposicións legais de aplicación, ocultar ou falsear datos ou destinar as axudas a fins distintos aos sinalados na solicitude.

e) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

f) Incumprimento do ditado en calquera dos artigos desta orde que impliquen obrigas por parte do beneficiario.

g) Incumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención.

h) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

i) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na Lei 14/2006.

j) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables rexistrais ou de conservación de documentos, cando signifique a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade remitidas de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

k) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

l) Non presentar nun prazo dun mes, contado a partir da notificación da resolución de aprobación, o proxecto visado e o nomeamento do director de obra segundo o especificado no artigo 8º.

m) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, segundo o establecido nesta orde e na Lei 9/2007.

n) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

Nestes supostos, a consellería reclamará directamente a devolución das cantidades aboadas en concepto de axudas e os xuros de demora devengados desde o seu pagamento, sen prexuízo das responsabilidades a que houber lugar.

Se se descubre que un beneficiario efectuou deliberadamente unha declaración falsa, o expediente de axuda de que se trate quedará excluído da axuda do Feader e recuperaranse todos os importes aboados polo dito expediente. Ademais, o beneficiario quedará excluído da axuda para a medida en cuestión durante o exercicio do Feader de que se trate e durante o exercicio do Feader seguinte.

2. Nos casos de anulación ou minoración por certificación final das cantidades inicialmente aprobadas, as dotacións orzamentarias resultantes poderanlles ser adxudicadas a outros peticionarios de acordo coa relación de prioridades e orde establecida.

3. Naqueles supostos nos cales o importe das subvencións recibidas polo beneficiario excedan os custos da actividade procederase a solicitar a devolución da cantidade percibida que exceda o custo real da actividade.

Artigo 15º.-*Controis*.

1. A Consellería do Medio Rural realizará os controis sobre o terreo, así como as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das axudas concedidas.

2. O beneficiario someterase ás actuacións de comprobación e control financeiro dos investimentos subvencionados por parte da Consellería do Medio Rural, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas e as instancias de control comunitarias.

3. Seralles de aplicación ás axudas recollidas nesta orde e non se poderá efectuar ningún pagamento sen realizar o pertinente control sobre o terreo, de condicionalidade, así como o réxime de controis, reducións e exclusión reguladas no Regulamento (CE) 1975/2006 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento 1698/2005 do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

Artigo 16º.-*Financiamento*.

As accións previstas nesta orde financiaranse, no exercicio do ano 2008 e 2009, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Ano 2008: 4.000.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 11.06.713B. 770.0.

Ano 2009: 4.000.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 11.06.713B. 770.0.

Para lles facer fronte ás primas de mantemento destínase unha partida global de 8.000.000 € distribuídos nas anualidades 2010, 2011, 2012, 2013 e 2014, 1.600.000 € por anualidade con cargo á mesma aplicación orzamentaria.

Estes importes poderán ser incrementados con fondos comunitarios, do Estado ou da comunidade autónoma. No suposto de procederse á dita ampliación, terase en conta o disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17º.-*Infraccións e sancións*.

En materia de infraccións e sancións será de aplicación o disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18º.-*Alteración de condicións*.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, para a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 19º.-*Obrigas*.

1. O beneficiario da axuda e o solicitante está obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. O solicitante e o beneficiario están obrigados a realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

3. No caso de achado casual de obxectos e restos materiais que posúan valores que son propios do patrimonio cultural galego, o descubridor deberá comunicarllo inmediatamente á Consellería de Cultura e Deporte de conformidade coa Lei 8/1995, do 30 de outubro, pola que se regula o patrimonio cultural de Galicia.

4. As actuacións na zona lateral de protección do Camiño de Santiago, seranlle comunicadas polo solicitante á Consellería de Cultura e Deporte, co obxecto de contar coa súa autorización previa de conformidade coa Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago.

Artigo 20º.-*Avaliación de impacto ambiental*.

De conformidade co disposto no artigo 1, punto 2º, da Lei 6/2001, do 8 de maio, de modificación do Real decreto lexislativo 1320/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, fíxanse os limiares de acordo cos criterios do seu anexo III, por debaixo dos cales as actuacións que se realicen ao abeiro desta orde non se deben someter a avaliación de impacto ambiental:

1. Superficie de actuación menor de 50 ha.

2. Superficie de actuación continua acumulada con outros proxectos realizados ao abeiro de convocatorias de axudas anteriores do Programa de forestación de terras agrarias menor de 1.000 ha.

Artigo 21º.-*Medidas informativas e publicitarias*.

Conforme o establecido no artigo 58 e no anexo VI do Regulamento (CE) 1974/2006, o beneficiario das axudas deberá cumprir coa normativa sobre información e publicidade das axudas do Feader indicadas no anexo VI do referido regulamento. En particular, no caso de investimentos subvencionados cun custo total superior a 50.000 €, o beneficiario deberá colocar unha placa explicativa na cal figurará unha descrición do proxecto así como a bandeira europea e o lema «Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste nas zonas rurais».

Artigo 22º.-*Comprobacións*.

1. O beneficiario comprométese a someterse ás actuacións de control que deba efectuar a entidade concedente e ás de control financeiro que lle correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A solicitude non implica ningún dereito para o peticionario, mentres non exista resolución favorable á petición.

3. A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, como órgano xestor, antes de levar a cabo a valoración das solicitudes de axuda, comprobará que os beneficiarios cumpren coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; nas agrupacións de propietarios todos os membros cumpriran as ditas obrigas. No caso de concesión da axuda, a dita comprobación tamén se levará a cabo antes de cada pagamento.

Disposicións adicionais

Primeira.-As axudas concedidas nesta orde son incompatibles coas axudas para o cesamento anticipado da actividade agraria e con calquera outro réxime de axuda comunitaria.

Segunda.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Terceira.-A concesión e o pagamento das axudas quedarán condicionados en todo caso á aprobación pola Unión Europea do Marco Nacional de Desenvolvemento Rural e do Programa de desenvolvemento

rural de Galicia para o período 2007-2013, e ás posibles observacións e modificacións derivadas diso.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facultase o director xeral de Montes e Industrias Forestais para ditar todas as disposicións necesarias para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2007.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I
Coníferas

Todas as especies se consideran de crecemento lento por quenda maior de 20 anos.

A1	Piñeiro do país (altitude menor de 1.000 m snm)	*Pinus pinaster*
A2	Piñeiro silvestre	*Pinus sylvestris L.*
A3	Piñeiro insigne	*Pinus radiata D. Don.*
A4	Pseudotsuga	*Pseudotsuga menziesii*

ANEXO II
Frondosas

Todas as especies se consideran de crecemento lento por quenda maior de 20 anos.

B1	Ameneiro	*Alnus glutinosa (L.) Gaertn. (*)*
B2	Bidueiro	*Betula sp. (*)*
B3	Chopo mouro	*Populus nigra. (*)*
B6	Freixo	*Fraxinus excelsior L. (*)*
		Fraxinus angustifolia Vahl. (*)
B7	Castiñeiro	*Castanea sativa Mill.*
B8	Castiñeiro híbrido	*Castanea X hybrida (resistente tinta)*
B9	Cerdeiras silvestres e híbridos de produción madeireira	*Prunus avium L. (*)*
		Prunus mahaleb L.
		Prunus padus L.
B10	Carballo	*Quercus robur L. (*)*
B15	Nogueira americana e híbridos de produción madeireira	*Juglans nigra. (*)*
B19	Castiñeiro para froito	*Castanea sativa Mill.*
B20	Carballo americano	*Quercus rubra (*)*
C2	Nogueira	*Juglans regia L.*
B21	*Acer pseudoplantanus*:	

(*) Especies subvencionables en áreas de valgada.

ANEXO III
Anexo de prezos máximos atendibles de unidades de obra de repoboación

1. Acción previa sobre o mato.

Concepto	Importe	Nº de clave
Ha de roza manual	1.120	1
Ha de roza mecanizada	450	2
Ha de tratamento fitocida	210	38

Importes en euros

2. Preparación do solo.

Concepto	Importe	Nº de clave
Apertura mecanizada dun burato con buldózer	0,50	40
Apertura manual dun compartimento picado de 30 cm de diámetro e profundidade mínima de 30 cm	0,80	4
Apertura manual dun burato de 40×40 cm con profundidade mínima de 40 cm	1	5
Ha preparación do solo con subsolaxe simple con profundidade mínima de 50 cm e cun ripper	310	10
Ha preparación do solo con subsolaxe simple con profundidade mínima de 50 cm e 2 ripper.	250	45
Ha preparación do solo con subsolaxe cruzado con profundidade mínima de 50 cm	500	37
Ha de preparación do solo con camallón	380	42
Labra superficial	220	11
Apertura dun burato de 60×60×60 con retroaraña	0,80	82
Apertura dun burato de 60×60×60 con retroaraña, incluída a roza	1	83
Ud. aburatamento mecanizado con escavadora	1	18

Importes en euros

3. Implantación vexetal.

Concepto	Importe	Nº de clave
Plantación manual dunha conífera de un ou dous zumes ou frondosa dun zume a raíz núa	0,37	13
Plantación manual dunha conífera de un ou dous zumes ou frondosa dun zume en colector	0,22	14
Plantación de planta en colector e acondicionamento de compartimento onde se fixo unha preparación previa do terreo ou sobre aburatamento mecanizado con buldózer	0,48	46
Plantación dunha conífera a raíz núa e acondicionamento de compartimento onde se fixo unha preparación previa do terreo ou sobre aburatamento mecanizado con buldózer	0,55	47
Plantación dunha frondosa a raíz núa e acondicionamento de compartimento onde se fixo unha preparación previa do terreo ou sobre aburatamento mecanizado con buldózer	0,62	48
Plantación manual dunha frondosa de dous zumes ou con máis dun metro de altura sobre aburatamento mecanizado con escavadora ou manual	0,84	17

Importes en euros

4. Outras accións incluíbles na forestación.

Concepto	Importe	Nº de clave
Ha de fertilización (inclúe fertilizante e man de obra)	218,22	19
Unidade de protector de planta, incluso colocado	1,20	41
Ha de área de defensa contra os incendios forestais	557,74	49
Ha de área de defensa contra os incendios forestais lindante con pista forestal	348,59	50
Unidade de cartel identificativo	244,01	51

Importes en euros

5. Unidade planta.

Concepto	Importe	Nº de clave
Ud. conífera 1 zume a raíz núa	0,12	23
Ud. conífera de 2 zumes a raíz núa	0,15	52
Ud. pseudotsuga 2 zumes a raíz núa	0,28	24
Ud. conífera, 1 zume con terrón	0,23	31
Ud. pseudotsuga 2 zumes con terrón	0,32	32
Ud. frondosa 1 zume maior de 20 cm e ata 35 cm	0,33	25
Ud. frondosa 1 zume maior de 30 cm con terrón	0,40	33
Ud. frondosa 2 zumes repicado maior de 35 cm e ata 60 cm	0,80	53
Ud. frondosa 2 zumes repicado maior de 60 cm e ata 100 cm	1,18	54
Ud. frondosa 2 zumes repicado maior de 100 cm	1,55	55
Ud. castiñeiro híbrido resistente ata 1 m	2	26
Ud. castiñeiro híbrido resistente maior de 1 m	3	27

Importes en euros

6. Infraestruturas de acompañamento das novas repoboacións que se realicen ao abeiro desta orde.

(Prezos máximos)

Concepto	Importe	Nº de clave
Km pista forestal (apertura)	8.000	10
Km arranxo de pista forestal (incluíndo pasos de auga)	3.000	11
Punto de auga con capacidade igual ou superior a 50 m^3 de auga	6.000	14
Ml de peche mediante poste de madeira tratada de 6-8 cm de 2 m de altura cada 5 m e malla cinexética	7	15

Importes en euros

ANEXO IV

Limitacións de uso e condicións técnicas mínimas dos traballos

Traballo	Limitacións de uso	Condicións técnicas mínimas que deben cumprir os traballos
Roza manual	-Pendentes superiores ao 35% -Zonas en que se xustifique a imposibilidade de realizar traballos mecanizados	-A altura do mato unha vez rozado non superará os 10 cm
Roza mecánica	-Pendentes inferiores ao 35%, salvo xustificación técnica	-A altura do mato unha vez rozado non superará os 10 cm
Tratamento fitocida	-Non utilizar en zonas de valgada	-Utilizar produtos sistémicos non residuais
Labra superficial	-Vexetación herbácea -Pendentes comprendidas entre 0-25%	-Profundidade do labra maior de 20 cm
Compartimentos picados	-Pendentes superiores ao 35% -Zonas en que se xustifique a imposibilidade de realizar traballos mecanizados	-Dimensións mínimas de 30x30x30 cm
Buratos manuais	-Pendentes superiores ao 35% -Zonas en que se xustifique a imposibilidade de realizar traballos mecanizados	-Dimensións mínimas de 40x40x40 cm
Subsolaxe lineal	-Pendentes comprendidas entre 0-35% -Traballarase no sentido que permita a posterior mecanización dos traballos de mantemento -Levantarase o ripper 2 m cada 10 m no caso de pendentes maiores do 20%.	-Profundidade maior de 50 cm
Aburatamento mecanizado con bulldózer	-Xustificar a súa utilización en pendentes inferiores ao 35%	-Profundidade do labor ao final do burato, medida desde o nivel do solo sen alterar, maior de 50 cm -Lonxitude total do burato, incluído o burato e o lombo de terra sacada do burato, comprendida entre 150-200 cm -Largo superficial no comezo do burato, medido ao nivel do solo sen alterar, maior de 40 cm -Largo superficial ao final do burato, medido ao nivel do solo sen alterar, maior de 60 cm
Camallón con desfonde lineal	-Zonas con alagamentos -Só se realizará cando a realización dos traballos non produza a investimento de horizontes (horizonte A de profundidade maior de 50 cm)	-Realizarase mediante o pase de polo menos dous vesos -Profundidade do corte da arada, medida desde o nivel do solo sen alterar, maior de 40 cm -Largo total do camallón, incluíndo o suco e o lombo volteado, maior de 150 cm
Furado mecanizado con escavadora	-Plantación de frondosas de altura maior de 100 cm	-Dimensións mínimas de 50x50x50 cm -Pendente máxima do 10%
Fertilización completa		-Realizarase con fertilizantes CEE ou UE, de aplicación localizada e liberación lenta, adaptados ás características edafolóxicas da zona de plantación, co fin de evitar a contaminación dos acuíferos -Os fertilizantes poderanse aplicar en forma de pastillas ou cápsulas resinadas
Área de defensa contra os incendios forestais	-Obrigatoria, salvo xustificación técnica, no caso de CMVMC, agrupacións de propietarios u outros	-Terán un largo mínimo de 10 m -Terán unha franxa central de 5 metros con decapaxe ata solo mineral e dúas franxas laterais de sólo menos 2,5 metros de largo nas cales se realizará unha roza a feito -No caso de coincidir no perímetro unha pista forestal, débese realizar unha roza nunha franxa de largo igual ao resultado de restar a 10 metros o largo da pista en metros -Procurarase integrar noutras existentes -Practicaranse cortas transversais, cunha pendente lonxitudinal do 2% e distanciadas 50 m a partir da pendentes daquelas superiores ao 20%
Apertura de pista	-Non se superará a densidade de 40 m de pista/hectárea -Nas áreas de montaña a densidade non poderá superar os 20 m de pista/hectárea -Adaptaranse no seu trazado ó contorno natural do terreo.	-O largo da caixa, incluídos foxos e plataforma, estará comprendida entre 3-5 m e dotada dos pasos de auga e foxos necesarios -A pendente máxima da rasante non superará o 12% -A sección transversal do camiño terá unha caída do 1-2% para facilitar a evacuación das augas cara aos foxos -Realizaranse suficientes apartadoiros para garantir a circulación en ambos sentidos -Dotaranse as pistas ou camiños de polo menos 2 pasos de auga por quilómetro. -Eliminarase o cordón que se podería formar na parte exterior da pista ao abrir a caixa. -Nos tramos con pendente realizaranse cortes transversais en forma de cano dirixidos ao exterior da pista para facilitar a evacuación das augas, cada 50 m
Mellora de pista	-Só se realizará sobre as pistas que conten de caixa, incluídos foxos e plataforma, maior de 3 m -Non se superará a densidade de 40 m de pista/hectárea	-A pendente máxima da rasante non superará o 12% -A sección transversal do camiño terá unha caída do 1-2% para facilitar a evacuación das augascara aos foxos -Realizaranse suficientes apartadoiros para garantir a circulación en ambos sentidos -Dotaranse as pistas ou camiños de polo menos 2 pasos de auga por quilómetro -Nos tramos con pendente realizaranse cortes transversais en forma de cano dirixidos aoexterior da pista para facilitar a evacuación das augas, cada 50 m

ANEXO V

AGRUPACIÓNS FORESTAIS: ACORDO DE CESIÓN.

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
FOMENTO DA FORESTACIÓN DE TERRAS NON AGRÍCOLAS. Regulamento (CE) nº 1698/2005 Orde autónomica 2008 de fomento da primeira forestación de terras non agrícolas.	***MR670B***	***AGRUPACIÓN FORESTAL***

Os que asinan, reunidos de mutuo acordo, dan a súa conformidade a D/Dna. _____ ,

NIF/CIF _____ , enderezo _____ ,

para que figure como representante para os efectos de tramitación da petición de axudas ao fomento da primeira forestación de terras non agrícolas.

RELACIÓN DE PERSOAS AGRUPADAS NESTA PETICIÓN

CÓDIGO PROPIETARIO (*)	NOME E APELIDOS	NIF / CIF	PARROQUIA E LUGAR ONDE SE ATOPAN OS PREDIOS	SUPERFICIE CON QUE PARTICIPA CADA ASOCIADO	SINATURA
			TOTAL		

Así mesmo, acordan asumir todo o disposto na Orde de 2008 de fomento da primeira forestación de terras non agrícolas, sendo exixible a cada un de nós a responsabilidade do bo fin da actuación, comprometéndonos a levar unha xestión conxunta da forestación durante a quenda da especie e a abrir unha conta bancaria na cal todos serán titulares conxuntos.

D./Dna. _____

acepta a representación conxunta desta AGRUPACIÓN FORESTAL.

En _____ , _____

SINATURA

(*) Este código farase constar na superficie coa cal participa cada membro nos planos presentados.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

medio rural

ANEXO VI

UNIÓN EUROPEA
FEADER

Nº EXPEDIENTE	PROVINCIA ONDE SE LOCALIZAN OS TRABALLOS SUVBENCIONADOS

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
FOMENTO DA FORESTACIÓN DE TERRAS NON AGRÍCOLAS	***MR670B***	***SOLICITUDE***

1.- DATOS DO TITULAR DOS TERREOS - BENEFICIARIO

NOME OU RAZÓN SOCIAL			NIF / CIF
ENDEREZO			
PROVINCIA	CONCELLO		
PARROQUIA	LUGAR	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

2.- TIPO DE SOLICITUDE - BENEFICIARIO

- ☐ COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (SUPERFICIE MAIOR DE 25 HA)
- ☐ COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (SUPERFICIE INFERIOR OU IGUAL A 25 HA)
- ☐ PROPIETARIO PARTICULAR DE XEITO INDIVIDUAL
- ☐ AGRUPACIÓN DE PROPIETARIOS PARTICULARES
- ☐ AGRUPACIÓN DE PROPIETARIOS PARTICULARES LEGALMENTE CONSTITUÍDA
- ☐ ENTIDADE LOCAL
- ☐ PRO INDIVISO (VARIOS COPROPIETARIOS)
- ☐ COOPERATIVA AGRARIA
- ☐ COMUNIDADE DE BENS
- ☐ OUTRAS PERSOAS XURÍDICAS

3.-DATOS DO INVESTIMENTO

PROVINCIA: ☐ CONCELLO: ☐ SUPERFICIE TOTAL DE ACTUACIÓN: ☐ HA

4.- OUTROS DATOS

Marcar o que corresponda

En caso de montes veciñais en man común que invistan o 15% ou máis dos seus ingresos nos últimos tres exercicios fiscais (2004, 2005 e 2006) en melloras do monte, aplicarase a puntuación maior das tres epígrafes seguintes:

· Investimentos dun 15% a un 30% dos seus ingresos nos últimos tres exercicios fiscais: 10 puntos.

· Investimentos de máis dun 30% a un 50% dos seus ingresos nos últimos tres exercicios fiscais: 15 puntos.

· Investimentos de máis dun 50% dos seus ingresos nos últimos tres exercicios fiscais: 20 puntos.

No caso de montes veciñais en man común que investisen nos últimos tres exercicios fiscais (2004, 2005 e 2006) un mínimo do 15% dos seus ingresos noutros investimentos, que non sexan no monte pero que vaian dedicados aos veciños ou teñan un fin social: 5 puntos.

- No caso de montes veciñais en man común sen ingresos nos últimos tres exercicios fiscais (2004, 2005 e 2006): 10 puntos.

- No caso de agrupacións de propietarios: 5 puntos por propietario agrupado: Nº de agrupados. ☐

- No caso dunha agrupación de propietarios legalmente constituída: 10 puntos.

- Zona concentración parcelaria de uso forestal: 3 puntos.

- Agrupación de propietarios en zona de concentración parcelaria de uso forestal: 10 puntos.

- Monte con instrumento de xestión rexistrado: 10 puntos. (Orde 1998 (Rexistro de proxectos de ordenación e plans técnicos)

- Monte veciñal en man común sen convenio ou consorcio: ☐ **SI** ☐ **NON**

- Por cada beneficiario que realizase un curso de formación en silvicultura: 2 puntos por beneficiario, ata un máximo de 8 puntos por solicitude de axuda: número de persoas: ☐

- Explotación prioritaria: 10 puntos.

Superficie obxecto de solicitude de axuda dentro da REDE NATURA 2000: ☐ **SI** ☐ **NON**

Os traballos obxecto de solicitude de axudas precisan AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL : ☐ **SI** ☐ **NON**

6.- FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE E COMPROMISOS

SOLICITO:

As axudas establecidas para o fomento da primeira forestación de terras non agrícolas, declaro baixo a miña responsabilidade que todos os datos son certos e comprométome a achegar os xustificantes necesarios para a súa comprobación e aceptar, se é o caso, as verificacións que procedan, de acordo coas axudas solicitadas, e cumprir os compromisos que figuran na lexislación de aplicación:

☐ , ☐

Conforme:

Asinado: ☐

Nome e apelidos

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Regulamento (CE) nº 1698/2005
- Orde 2008 de fomento da primeira forestación de terras non agrícolas..

CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL

ANEXO VII

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
FOMENTO DA FORESTACIÓN DE TERRAS NON AGRÍCOLAS. Regulamento (CE) nº 1698/2005 Orde autónomica 2008 de fomento da primeira forestación de terras non agrícolas.	***MR670B***	***ANEXO VII***

Eu, _____ con DNI _____, con enderezo para efectos de notificación en _____, provincia _____, concello _____, código de propietario (só no caso de agrupacións forestais): _____,

DECLARO baixo xuramento ou baixo a miña responsabilidade:

1. Que son propietario das parcelas abaixo indicada, para as cales solicito axuda e das que xunto as fichas SIXPAC.
2. Que todas as solicitudes percibidas, solicitadas ou autorizadas para o mesmo proxecto ou actividade que a axuda solicitada ao abeiro desta orde, ante as administracións públicas competentes ou doutros entes públicos, son as seguintes:

NÚMERO DE EXPEDIENTE	TIPO AXUDA	ADMINISTRACIÓN ANTE A CAL SOLICITOU A AXUDA

3. Declaro, baixo a miña responsabilidade, que as parcelas número/s: _____ abaixo indicadas, son terras agrícolas abandonadas, é dicir, son terreos de ermo, terreos con arbustos e matogueiras ou arboredo cunha fracción de cabida cuberta inferior ao 20%, que tradicionalmente tiveron un aproveitamento agrícola / gandeiro e que non recibiron ningunha utilización nin intervención agraria durante os últimos 10 anos, polo que solicito a prima de mantemento correspondente.

PARCELA Nº _____ **MARCAR A EPÍGRAFE QUE CORRESPONDA E SÓ UNHA**

☐ 1.- PLANTACIÓN DE ESPECIE DO ANEXO I: CLAVE DA ESPECIE _____

☐ 2.- PLANTACIÓN DE ESPECIE DO ANEXO II: CLAVE DA ESPECIE _____

DESCRICIÓN SIXPAC OU, NO SEU DEFECTO, CATASTRAL							APROVEITAMENTO ACTUAL (1)
CÓDIGO CONCELLO/ AGREGADO	ZONA	POLÍGONO	PARCELA	RECINTO OU SUBPARCELA	SUPERFICIE (ha) SIXPAC OU CATASTRAL	SUPERFICIE (ha) AFECTADA / SUPERFICIE DE ACTUACIÓN	

CLAVE DO TRABALLO	CONCEPTO	Nº UNIDADES (máximo 2 decimais)	CUSTO UNIDADE (máximo 4 decimais)	ORZAMENTO INVESTIMENTO (máximo 2 decimais)

PARCELA Nº _____ **MARCAR A EPÍGRAFE QUE CORRESPONDA E SÓ UNHA**

☐ 1.- PLANTACIÓN DE ESPECIE DO ANEXO I: CLAVE DA ESPECIE _____

☐ 2.- PLANTACIÓN DE ESPECIE DO ANEXO II: CLAVE DA ESPECIE _____

DESCRICIÓN SIXPAC OU, NO SEU DEFECTO, CATASTRAL							APROVEITAMENTO ACTUAL (1)
CÓDIGO CONCELLO/ AGREGADO	ZONA	POLÍGONO	PARCELA	RECINTO OU SUBPARCELA	SUPERFICIE (ha) SIXPAC OU CATASTRAL	SUPERFICIE (ha) AFECTADA / SUPERFICIE DE ACTUACIÓN	

CLAVE DO TRABALLO	CONCEPTO	Nº UNIDADES (máximo 2 decimais)	CUSTO UNIDADE (máximo 4 decimais)	ORZAMENTO INVESTIMENTO (máximo 2 decimais)

(1) pasto arbustivo (PR), pasto con arboredo (PA), zona concentrada non reflectida na ortofoto (ZC) e forestal (FO)

ASINADO *Lugar e data*

, de de 200

Asdo.: _____ Páxina nº ☐ de ☐

(*) No caso de ter máis parcelas, cubriranse tantas follas como sexan necesarias, indicando no pé de páxina o número de páxina de que se trata e o número de páxinas totais.

ANEXO VIII

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
FOMENTO DA FORESTACIÓN DE TERRAS NON AGRÍCOLAS. Regulamento (CE) nº 1698/2005 Orde autónomica 2008 de fomento da primeira forestación de terras non agrícolas.	***MR670B***	***DOCUMENTO CERTIFICADO INGRESOS CMVMC***

D./Dna _____, DNI _____,

secretario da CMVMC de _____

CERTIFICA:

Que os ingresos totais da comunidade arriba indicada nos exercicios fiscais 2004, 2005 e 2006 ascenden á cantidade de _____ €, dos cales se investiron en melloras do monte _____ € e noutros investimentos que non son no monte pero que van dedicados aos veciños ou teñen un fin social _____ €.

_____, _____

O secretario da comunidade

Visto e prace
O presidente da comunidade

Asdo.: _____

Asdo.: _____

DNI /NIF: _____

(*) Os datos indicados neste certificado poderán ser comprobados pola Administración con datos existentes na Axencia Tributaria. No caso de non coincidir os devanditos datos, procederase a iniciar o procedemento de non-admisión a trámite da solicitude de axuda por ocultar ou falsear datos.

ANEXO IX

SÓ PARA AGRUPACIÓNS DE PROPIETARIOS, COOPERATIVAS AGRÍCOLAS, PRO INDIVISOS, COMUNIDADES DE BENS E COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
FOMENTO DA FORESTACIÓN DE TERRAS NON AGRÍCOLAS. Regulamento (CE) nº 1698/2005 Orde autónomica 2008 de fomento da primeira forestación de terras non agrícolas.	***MR670B***	***CURSO FORMACIÓN SILVICULTURA***

Os que asinan, como membros ou como representantes da agrupación de propietarios, pro indiviso, cooperativa agrícola, comunidade de bens ou comunidade de montes veciñais en man común _____

comprometémonos a solicitar un curso de formación en silvicultura:

NOME E APELIDOS	DNI	SINATURA

(*) No caso de asinar como membros da agrupación de propietarios, pro indiviso, cooperativa agrícola, comunidade de bens ou comunidade de montes veciñais en man común, deberán asinar todos e cada un deles, e no caso de asinar como representantes, unicamente os representantes.

En _____, _____

ANEXO X

Concellos en zonas desfavorecidas

A Coruña

Concello
Aranga
Arzúa
Boimorto
Capela, A
Cedeira
Cerceda
Cerdido
Coirós
Curtis
Frades
Irixoa
Mañón
Melide
Mesía
Monfero
Ordes
Oroso
Ortigueira
Pino, O
Pontes de García Rodríguez, As
San Sadurniño
Santiso
Sobrado
Somozas, As
Toques
Tordoia
Touro
Trazo
Val do Dubra
Vilasantar
Cariño

Lugo

Concello
Abadín
Alfoz
Antas de Ulla
Baleira
Baralla
Becerreá
Begonte
Bóveda
Carballedo
Castro de Rei
Castroverde
Cervantes
Chantada
Corgo, O
Cospeito
Folgoso do Courel
Fonsagrada, A
Friol
Xermade
Guitiriz
Guntín
Incio, O
Láncara
Lugo
Meira
Mondoñedo
Monforte de Lemos
Monterroso
Muras
Navia de Suarna
Negueira de Muñiz
Nogais, As
Ourol
Outeiro de Rei
Palas de Rei
Pantón
Paradela
Páramo, O
Pastoriza, A
Pedrafita
Pol
Pobra do Brollón, A
Pontenova, A
Portomarín
Quiroga
Rábade
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riotorto
Samos
Sarria
Saviñao, O
Sober
Taboada
Triacastela
Valadouro, O
Vilalba

Ourense

Concello
Allariz
Amoeiro
Arnoia, A
Avión
Baltar
Bande
Baños de Molgas
Barbadás
Barco de Valdeorras, O
Beade
Beariz
Blancos, Os
Boborás
Bola, A
Bolo, O
Calvos de Randín
Carballeda
Carballeda de Avia
Carballiño, O
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Celanova
Cenlle
Chandrexa de Queixa
Coles
Cortegada
Cualedro
Entrimo
Esgos
Gomesende
Gudiña, A
Irixo, O
Xunqueira de Ambía
Larouco
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Maceda
Manzaneda
Maside
Melón
Merca, A
Mezquita, A
Montederramo
Monterrei
Muíños
Nogueira de Ramuín

Concello
Nogueira de Ramuín
Oímbra
Ourense
Paderne de Allariz
Padrenda
Parada de Sil
Pereiro de Aguiar, O
Peroxa, A
Petín
Piñor
Pontedeva
Porqueira
Pobra de Trives, A
Punxín
Quintela de Leirado
Rairiz de Veiga
Ramirás
Ribadavia
Río, San Xoán de
Riós
Rúa, A
Rubiá
San Amaro
San Cibrao das Viñas
Cea
Sandiás
Sarreaus
Taboadela
Teixeira, A
Toén
Trasmiras
Veiga, A
Verea

Concello
Verín
Viana do Bolo
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Xinzo de Limia
Xunqueira de Espadanedo

Pontevedra

Concello
Arbo
Campo Lameiro
Cañiza, A
Cerdedo
Cotobade
Covelo
Crecente
Cuntis
Dozón
Estrada, A
Forcarei
Fornelos de Montes
Agolada
Lalín
Lama, A
Mondariz
Neves (As)
Pazos de Borbén
Ponte Caldelas
Rodeiro
Silleda
Vila de Cruces

ANEXO XI

NOTA: o logotipo da empresa executora pódese incluír.

Dimensións:
Altura 0,8 metros, largo 1,5 metros.
Altura desde o bordo inferior ao chan 1,5 metros.

ANEXO XII

DOCUMENTO DESCRITIVO DAS ACTUACIÓNS

(Só para propietarios particulares de xeito individual con superficie de actuación inferior a 10 hectáreas)

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
FOMENTO DA FORESTACIÓN DE TERRAS NON AGRÍCOLAS. Regulamento (CE) nº 1698/2005 Orde autónomica 2008 de fomento da primeira forestación de terras non agrícolas.	***MR670B***	***DOCUMENTO DESCRITIVO DAS ACTUACIÓNS***

I- ESTADO LEGAL

NOME PREDIO:

SUPERFICIE DE ACTUACIÓN:

SITUACIÓN:

PROVINCIA: CONCELLOS:

PARROQUIA: LUGAR:

LINDEIROS:

NORTE: SUR:

LESTE: OESTE:

ACCESO:

II.- ACTUACIÓNS QUE SE VAN REALIZAR

- Hectáreas de plantación con especies do anexo I:
- Hectáreas de plantación con especies do anexo II:

III.- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN REALIZAR: (da/s epígrafe/s indicada/s no punto anterior, cómpre brevemente as actuacións que se van realizar: tratamento da vexetación preexistente, preparación do terreo, plantación manual, planta...)

IV.- ¿A superficie de actuación comprende zonas de protección lateral do Camiño de Santiago?

☐ SI ☐ NON

V.- ¿Na superficie de actuación existen obxectos ou restos materiais que formen parte do Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia?

☐ SI ☐ NON

VI.- ¿Terreos provenientes de concentración parcelaria? ☐ SI ☐ NON

NOME E APELIDOS:

DNI / CIF:

,

Asdo.:

ANEXO XIII

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
FOMENTO DA FORESTACIÓN DE TERRAS NON AGRÍCOLAS. Regulamento (CE) nº 1698/2005 Orde autónomica 2008 de fomento da primeira forestación de terras non agrícolas.	***MR670B***	***SOLICITUDE DE PRIMA DE MANTEMENTO***

Nº EXPEDIENTE:

DATOS DO BENEFICIARIO

NOME OU RAZÓN SOCIAL				NIF
ENDEREZO		PROVINCIA		CONCELLO
LUGAR	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	DATA NACEMENTO OU CONSTITUCIÓN	CORREO ELECTRÓNICO

EXPOÑEN:

Que se realizaron os coidados culturais segundo o disposto na Orde autonómica 2008 de fomento da primeira forestación de terras non agrícolas, ao abeiro da cal se tramitou o expediente.

Achégase:

- ☐ Factura.
- ☐ Documento xustificativo.

SOLICITAN:

Que se efectúen os trámites oportunos para proceder ao pagamento da prima de mantemento correspondente ao ano:

na conta bancaria abaixo indicada da cal é titular o beneficiario:

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DÍXITO DE CONTROL	CÓDIGO CONTA CORRENTE

,

Asdo.:

XEFE DE SERVIZO DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS.

PROVINCIA: